



AIRE DO OUTRO MUNDO

Deriva senso-sonora polo Museo do Pobo galego

Como lle acontece ao Lordanas nos "Contos a carón do lume" de Ánxel Fole, as persoas galegas conectamos a meirande parte das veces as nosas experiencias místicas á presenza das persoas mortas antes que a calquera outra posibilidade máis tanxible.

O Museo do Pobo Galego está cheo de presenzas que habitan o lugar dende o tempo dos monxes. Cada día ao apagar as luces de San Domingos de Bonaval, as ánimas de Castelao ou Rosalía ocupan os espazos que lles corresponden e debaten, cantan e murmuran o acontecido durante a xornada.

En silencio e coa escoita de todo o corpo aberta á experiencia, imos transitar o Museo na compañía de Elsa Pereira, persoal de sala do Museo e que cada día comparte ritual cos seres que habitan o lugar, con moito coidado de non molestar entre quen nos visitan, antes e xusto despois de que abran as súas portas ao público.

Esta experiencia está inspirada nas derivas situacionistas, que nos convidan a pensar por que, en determinado lugar dobramos á dereita ou á esquerda, ou de xeito intuitivo nos detemos. Trátase dunha experiencia sensitiva e sonora na que un grupo reducido de persoas terán a oportunidade de experimentar un espazo habitado de moitos xeitos. Nesta deriva imos atoparnos con algunhas sorpresas, murmurios, imaxes e sensacións que, máis que dar medo, nos conectan co íntimo e co poético dun edificio con tanta carga de vida e de morte como é San Domingos de Bonaval.

DATA: sábado, 24 de febreiro

SESIÓNS: ás 10 h e ás 19:00 h

FACILITA: Elsa Pereira

DIRIXIDA a público adulto

PREZO: 6€ prezo xeral e 3€ socias e socios do Museo

ENTRADAS en Vivetix Museo do Pobo Galego

